

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

ORDE do 8 de agosto de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para o investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento BS403E).

A primeira infancia ten unha importancia crucial en todas as facetas da vida dun ser humano. Segundo sinala a Comisión Europea na Comunicación do 17 de febreiro de 2011, denominada Educación e coidados da primeira infancia: ofrecer a todos os nenos e nenas a mellor preparación para o mundo de mañá, a educación e os coidados da primeira infancia constitúen o fundamento da educación e a formación das persoas e un pilar esencial para o éxito en materia de aprendizaxe permanente, desenvolvemento persoal e empregabilidade futura.

No mesmo sentido pronunciouse o Consello da Unión Europea, quen nas Conclusións sobre educación infantil e atención á infancia: ofrecer a todos os nenos e nenas a mellor preparación para o mundo de mañá, recoñece que establecer unhas bases sólidas durante os primeiros anos de vida incrementa a eficacia das aprendizaxes posteriores e a probabilidade de que continúe ao longo da vida, aumentando a equidade dos resultados educativos e reducindo os custos para a sociedade en perda de talento e en gasto público en benestar, sanidade e incluso xustiza.

Investir na educación infantil para que sexa accesible e de calidade ten significativos retornos económicos e sociais pois non só mellora os resultados educativos posteriores, a nivel global e dos nenos e nenas nunha situación máis desfavorecida en particular, senón que tamén facilita a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a participación feminina no mercado de traballo. Deste xeito, o investimento na educación infantil contribúe á consecución de tres dos obxectivos principais da Estratexia Europa 2020: reducir o abandono escolar prematuro por baixo do 10 %, acadar unha taxa de emprego do 75 % das persoas de 20 a 64 anos e sacar a 20 millóns de persoas da pobreza.

O compromiso coa calidade da atención educativa na etapa 0-3 implica que debe prestarse atención, entre outras cuestións, ás infraestruturas en que se desenvolve e ao equi-



pamento co que estas están dotadas para asegurar que se favorecen ambientes adecuados ás necesidades, intereses e competencias dos nenos e nenas destas idades.

Contar con espazos apropiados contribúe ao benestar físico e psíquico tanto dos nenos e nenas como do persoal educativo e, polo tanto, incide favorablemente no desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe e na mellora da súa efectividade. A creación dun ambiente de aprendizaxe estimulante e máis efectivo pódese acadar por medio de intervencións menores como a mellora da accesibilidade ou o reacondicionamento dos espazos, o cambio da tonalidade e cores das paredes, a dotación de puntos de luz e de aperturas ao exterior, ou coa dotación de conexión á internet e coa dispoñibilidade de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula.

O mobiliario, interior e exterior, e os materiais didácticos e de xogo tamén son unha peza clave dos procesos de aprendizaxe e socialización. Os nenos e nenas na súa aprendizaxe vanse relacionando coa súa contorna inmediata e os mobles e o equipamento en xeral deben formar parte desta contorna e acompañar neste proceso; de aí a importancia de contar con mobiliario e con materiais didácticos e de xogo funcionais e seguros, adaptados ás características psicoevolutivas dos nenos e das nenas e que favorezan o desenvolvemento infantil en todas as súas dimensións.

En consonancia co anteriormente exposto, a través desta convocatoria outorgaranse, baixo o réxime de concorrencia competitiva, axudas aos concellos galegos para actuacións de adecuación e mellora das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia da súa titularidade coa finalidade de contar con recursos de atención á infancia accesibles, sustentables e de calidade en todo o territorio da nosa comunidade. Para poder optar a estas axudas, as entidades locais solicitantes deberán cumprir os requisitos previstos no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta actuación enmárcase na área de intervención 3 do Plan de dinamización demográfica para Galicia 2013-2016, Horizonte 2020, e forma parte do Programa de apoio á natalidade (PAN), un programa integral da Administración autonómica que ten como obxectivo apoiar as familias galegas ofrecendo respostas globais ás súas necesidades, de acordo co disposto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, que recoñece no seu artigo 6 como un dos principios de responsabilidade pública o de atender, apoiar e protexer as familias como núcleo fundamental da sociedade no cumprimento das súas funcións.



De conformidade co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, atribúese á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica o exercicio das políticas públicas de apoio á familia e á infancia, así como a promoción e adopción das medidas de conciliación que garanten un ambiente favorable para o libre desenvolvemento das familias.

Esta orde de convocatoria axústase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, enmárcase no programa operativo Feder Galicia para o período 2014-2020, de conformidade co disposto no artigo 125.3.e) do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello e no Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

RESOLVO:

Artigo 1. Obxecto

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de axudas económicas ás corporacións locais para a adecuación e mellora das escolas infantís 0-3 e dos puntos de atención á infancia (PAI) da súa titularidade a través da realización de obras menores e da compra de equipamento, na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada (código de procedemento administrativo BS403E).



2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas axudas para o ano 2019.

Artigo 2. *Financiamento*

1. Ás subvencións obxecto desta convocatoria destínase un orzamento total de setecentos once mil novecentos noventa e nove euros (711.999 euros), que se imputará á aplicación orzamentaria 13.02.312B.760.0.

2. De acordo co previsto no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, excepcionalmente poderase ampliar a contía máxima dos créditos dispoñibles cando o aumento veña derivado dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito; cando existan remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo. O incremento do crédito queda condicionado á declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda. A ampliación do crédito publicárase nos mesmos medios que a convocatoria sen que implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. O crédito asignado será obxecto de desconcentración nas xefaturas territoriais da Consellería de Política Social unha vez resolto o procedemento de acordo co establecido nos artigos 13 e 14 e tendo en conta os topes máximos de financiamento por concello establecidos no artigo 4.4.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán optar a estas axudas as corporacións locais da Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nun dos supostos seguintes:

a) Ter en funcionamento unha escola infantil 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade.

b) Ter unha escola infantil 0-3 ou un punto de atención á infancia da súa titularidade que unicamente dependan da dotación do equipamento preciso para o desenvolvemento da actividade para seren postos en marcha no curso 2019/20.

A entidade beneficiaria non poderá ter recibido axudas financiadas con Fondos Estructurais e de Investimento Europeos 2007-2013 (en diante, Fondos EIE 2007-2013) para o



mesmo concepto de gasto. No suposto de recursos que unicamente dependan da dotación de equipamento para seren postos en marcha, tampouco poderán ter recibido axudas financiadas con Fondos EIE 2007-2013 para a construción da infraestrutura.

2. Todos os equipamentos citados no número anterior deben cumprir os requisitos establecidos no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia; no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e no Decreto 192/2015, do 29 de outubro, polo que se define a Carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, así como, de ser o caso, na normativa de desenvolvemento.

3. Por outra banda, para poder ser beneficiaria destas axudas a entidade local deberá ter cumprido, con anterioridade a que remate o prazo de presentación de solicitudes, o requisito de ter presentadas as contas ás cales se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2017, no Consello de Contas de Galicia.

4. Non se poderá obter a condición de entidade beneficiaria destas subvencións cando conorra algunha das circunstancias ou prohibicións sinaladas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Todos os requisitos e condicións exixidos deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes agás o permiso de inicio da actividade, necesario para o financiamento das actuacións previstas no artigo 3.1.b), que, en todo caso, non poderá ser outorgado con data posterior ao 5 de decembro de 2019.

Artigo 4. *Accións e gastos subvencionables e contía da axuda*

1. De acordo co disposto no artigo 65.6 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e se derroga o Regula-



to (CE) núm. 1083/2006 do Consello, só serán subvencionables aquelas operacións que, tendo comezado con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2019, non estean totalmente finalizadas no momento da presentación da solicitude de axuda e sexan efectivamente pagadas con anterioridade á finalización do período de xustificación previsto no artigo 19, relativas ás seguintes actuacións:

a) Obras menores de adecuación e mellora das infraestruturas dos centros de atención á primeira infancia, así como obras novas de escasa contía que melloren a accesibilidade ou doten o edificio de servizos necesarios. Para os efectos desta orde, consideraranse obras menores aquelas de escasa entidade, sinxeleza construtiva e pequena contía, que non precisan de proxecto técnico.

b) Adquisición e mellora do equipamento do centro, incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo. Este equipamento poderá ser de segunda man, sempre que este estea en perfecto estado de uso e conste unha declaración de quen o vende sobre a orixe dos bens e sobre que estes non foron obxecto de ningunha subvención nacional ou comunitaria, e o prezo non sexa superior ao valor de mercado e ao custo dos bens novos similares. Estes requisitos do prezo acreditarase mediante certificación de taxación independente.

c) Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula, tales como ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo ou similares.

2. Nas actuacións recollidas no número 1.a) deberá realizarse un investimento mínimo elixible de 10.000 euros, e nas recollidas no número 1.b) e c) conxuntamente un investimento mínimo elixible de 5.000 euros. Así mesmo, as actuacións recollidas no número 1.b) deberán realizarse aplicando a perspectiva de xénero para asegurar que promoven o benestar equilibrado de nenas e nenos e unha construción da personalidade libre de este-reotipos.

3. Consideraranse subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

O custo da adquisición dos gastos subvencionables non poderá ser superior ao valor de mercado.

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



Para seren subvencionables, os gastos deberán ser necesarios e corresponderse de maneira indubidable á operación cofinanciada.

4. Financiarase ata o 100 % do investimento subvencionable e unha contía máxima por cada centro de 20.000 euros para as actuacións destinadas á realización de obras e de 15.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías na aula.

Cada concello poderá percibir unha axuda máxima de 35.000 euros, con independencia do número de centros para os que presente solicitude.

5. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na normativa de contratación do sector público vixente no momento de realización do dito gasto, a entidade local beneficiaria deberá presentar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación do servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

6. En ningún caso serán subvencionables os gastos derivados de actuacións de mantemento xeral das infraestruturas nin a mera substitución de materiais deteriorados polo uso. Tampouco se considerará subvencionable o material consumible ou non inventariable, entendendo por tal aquel cuxa duración estimada sexa inferior a un ano.

7. Non será subvencionable o material didáctico e de xogo nos supostos en que o centro recibise axuda por este concepto nos anos 2017 ou 2018.

Artigo 5. *Procedemento e réxime de aplicación*

1. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva e de acordo cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade, non discriminación, eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.



2. As axudas estarán cofinanciadas nun 80 % polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020:

Obxectivo temático 10. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente.

Prioridade de investimento 10.5. Investir en educación, formación e formación profesional para a adquisición de capacidades e aprendizaxe permanente mediante o desenvolvemento de infraestruturas de educación e formación.

Obxectivo específico 10.5.1. Mellorar as infraestruturas de educación e formación.

Actuación 10.5.1.4b. Axudas ao investimento en centros de atención á primeira infancia de 0-3 anos e casas niño.

Categoría de intervención CE052. Infraestruturas para a atención e a educación da primeira infancia.

Están sometidas ao disposto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e no Regulamento (UE) núm. 1301/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e sobre disposicións específicas relativas ao obxectivo de investimento en crecemento e emprego e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 1080/2006, así como ao previsto na Orde HFP/1979/2016, do 29 de decembro, pola que se aproban as normas sobre os gastos subvencionables dos programas operativos do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional para o período 2014-2020.

Artigo 6. *Concorrenza con outras axudas ou subvencións públicas*

1. De acordo co disposto no artigo 65.11 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, unha operación poderá recibir axuda dun ou varios Fondos EIE ou dun ou varios programas e doutros instrumentos da Unión, a condición de que o gasto declarado nunha solicitude de pagamento correspondente a un dos Fondos EIE non se declare para solicitar axuda doutro Fondo ou instrumento da Unión, ou axuda do mesmo Fondo no marco dun programa distinto. O importe do gasto que deberá consignarse nunha solicitude de pagamento dun Fondo EIE pode ser calculado para cada Fondo EIE e para o programa ou programas de que se trate o rateo, con arranxo ao documento en que se establezan as condicións da axuda.



2. No caso de percibirse outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas, ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do investimento.

4. As entidades solicitantes deberán presentar, xunto coa solicitude, unha declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións solicitadas, concedidas ou percibidas para a mesma finalidade, usando o formulario establecido para o efecto nesta orde (anexo I). No suposto de variar as circunstancias inicialmente declaradas deberán comunicalo.

Artigo 7. *Solicitudes*

1. As solicitudes, presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (anexo I) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Se algunha das entidades interesadas presenta a súa solicitude de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario/a e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes do vencemento non hai día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.



3. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras, o órgano responsable da tramitación requirirá as entidades locais interesadas para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acheguen os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, teranse por desistidas da súa petición, logo da correspondente resolución, nos termos previstos no artigo 21 da mesma lei.

Artigo 8. Documentación complementaria necesaria para a tramitación do procedemento

1. As entidades interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:

a) Certificación da contía establecida nos orzamentos da corporación local da cantidade específica destinada á finalidade para a que se solicita a axuda, de propoñerse unha achega orzamentaria propia do concello.

b) Memoria xustificativa, asinada polo persoal competente da corporación local, da necesidade da actuación proposta e da súa incidencia na mellora da infraestrutura desde o punto de vista da accesibilidade, eficiencia ou sustentabilidade no consumo de recursos e/ou na mellora da calidade da atención prestada ás nenas e nenos segundo o tipo de actuación de que se trate. Sempre que a actuación proposta teña impacto de xénero desde o punto de vista da atención prestada aos nenos e nenas a memoria recollerá, expresamente, como se atende este aspecto.

2. Ademais, na epígrafe correspondente do anexo I farase constar:

a) O conxunto de todas as axudas concedidas, para as mesmas actuacións solicitadas ao abeiro desta orde, polas distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou privados.

b) Que a corporación local non ten recibido axudas financiadas con Fondos EIE 2007/2013 para o mesmo concepto de gasto.

c) Que o concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10.2 e 10.3, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.



d) Que o concello está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

e) Que a corporación local cumpriu co seu deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas.

f) Que órgano competente da corporación local acordou solicitar esta subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria.

g) Que o concello se compromete a manter o cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta orde e na normativa aplicable durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As entidades locais interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das entidades locais interesadas presenta a documentación complementaria de xeito presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que vai presentar a entidade local solicitante de forma electrónica supere os tamaños límites establecidos pola sede electrónica, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos. Para iso, e xunto co documento que se presenta, a entidade interesada deberá mencionar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de expediente e o número ou código único de rexistro. Na sede electrónica da Xunta de Galicia publicárase a relación de forma-

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



tos, protocolos e tamaño máximo admitido da documentación complementaria para cada procedemento.

Artigo 9. Trámites posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á carpeta cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Comprobación de datos

1. De conformidade co establecido na normativa de protección de datos, consultarase os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) NIF da entidade local solicitante.
- b) DNI/NIE da persoa representante.
- c) Permiso de inicio de actividades do centro para o que se solicita a subvención.
- d) Certificados de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por calquera concepto, coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. No caso de que as entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 11. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento corresponde á subdirección xeral con competencias en materia de demografía e conciliación da Consellería de Política Social.



2. O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e para iso solicitará a colaboración dos servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir á entidade local solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. Instruído o procedemento e inmediatamente antes de ditar proposta de resolución, poñerase de manifesto ás entidades interesadas para que, no prazo de dez días, poidan alegar e presentar os documentos e xustificacións pertinentes. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polas entidades interesadas.

5. Respecto dos expedientes en que concorran causas de inadmisión así como de declaración ou aceptación de desistencia, o órgano instrutor formulará a correspondente proposta de resolución que elevará ao órgano competente para resolver.

Artigo 12. *Comisión Central de Valoración*

1. Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, créase, como órgano avaliador das solicitudes, unha comisión central de valoración á cal lle serán remitidos os expedientes unha vez completos, xunto cun informe emitido por cada xefatura territorial. Esta comisión realizará a selección de acordo cos criterios de baremación de solicitudes establecidos, e emitirá o correspondente informe no cal se concrete o resultado da avaliación efectuada, indicando a puntuación e a axuda aplicable en cada caso.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e mais na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, no relativo aos órganos colexiados, e estará formada polos seguintes membros:

a) Presidencia: a persoa titular do servizo con competencias en materia de conciliación familiar, da Consellería de Política Social, ou persoa que a substitúa.



b) Vogais: as persoas titulares dos servizos con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social.

c) Actuará como secretario/a unha persoa funcionaria da subdirección xeral con competencias en materia de demografía e conciliación.

No caso de ausencia dalgunha das persoas que integran a comisión de valoración será substituída pola persoa designada pola presidencia da comisión.

2. A avaliación realizarase segundo os datos que resulten da documentación presentada coa solicitude ou solicitada de oficio polo órgano instructor. A puntuación respecto da existencia ou polo compromiso de implantación dun plan de igualdade na escola infantil realizarase pola declaración responsable que se cubrirá no formulario de solicitude.

Avaliadas as solicitudes seguindo os criterios establecidos no artigo 13, a comisión de valoración fixará o limiar mínimo de puntuación necesario para acadar axuda, tendo en conta o crédito orzamentario e os topes xerais establecidos nestas bases. Así mesmo, emitirá un informe segundo o cal a subdirección xeral con competencias en materia de demografía e conciliación formulará a proposta de resolución ao órgano competente para resolver a concesión ou denegación da subvención solicitada, propoñendo a concesión de subvención segundo a orde de puntuación e polo importe da axuda que corresponda ata esgotar o crédito dispoñible.

No suposto de que algunha entidade non acepte a axuda ou renuncie a esta, a subdirección xeral con competencias en materia de demografía e conciliación poderá formular proposta de resolución complementaria, e adxudicar o importe dispoñible ás solicitudes avaliadas pola comisión e que non acadaron axuda por límites orzamentarios, de acordo coa orde de puntuación obtida.

Artigo 13. *Criterios de valoración de solicitudes*

1. As solicitudes presentadas avaliaranse cun máximo de 100 puntos conforme os seguintes criterios:

a) Porcentaxe de achega económica do concello sobre o orzamento total do investimento, ata 25 puntos coa seguinte desagregación:

1º. O 10 %: 10 puntos.



2º. O 15 %: 15 puntos.

3º. O 20 %: 20 puntos.

4º. O 25 % ou superior: 25 puntos.

b) Tipoloxía da actuación (só para obras), ata 25 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Obras menores para adecuación dos espazos de atención aos nenos e nenas ou para mellora da eficiencia e sustentabilidade no consumo de recursos: 25 puntos.

2º. Outras obras menores: 10 puntos.

c) Tipoloxía da actuación (só para equipamento), ata 25 puntos coa seguinte desagregación:

1º. Mobiliario dirixido aos nenos e nenas usuarias do centro, material didáctico e de xogo: 25 puntos.

2º. Dotación de conexión á internet e compra de dispositivos para a integración das novas tecnoloxías na aula: 15 puntos.

3º. Mobiliario ou equipamento do centro distinto do recollido nas epígrafes anteriores: 10 puntos.

d) Número de unidades en funcionamento do centro: 5 puntos por unidade ata un máximo de 25, valorándose os puntos de atención á infancia con 15 puntos.

e) Recursos de atención á infancia que só dependan da dotación de equipamento para seren postos en marcha no curso 2019/20: 20 puntos.

f) Existencia/compromiso de implantación dun plan de igualdade que recolla a incorporación da perspectiva de xénero na atención educativa: 5 puntos.

2. En primeira adxudicación só se terán en conta as solicitudes de entidades locais que non recibisen financiamento da Consellería de Política Social para a mellora de infraestruturas ou equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia nos anos 2017 e 2018. De sobrar crédito, en sucesivas adxudicacións teranse en conta as so-



licitudes de entidades locais que reciben financiamento da Consellería de Política Social nas anualidades citadas por esta orde:

1º. Solicitudes referidas a escolas infantís que non reciben financiamento nos anos 2017 e 2018.

2º. Resto de solicitudes sempre que non se atopen no suposto previsto no artigo 4.7.

No caso de empate na puntuación, cando algunha solicitude quede na lista de espera, para o desempate, en primeiro lugar terá preferencia a solicitude que maior puntuación obteña nas apígrafes e), d), a), b) e c) do baremo por esta orde de numeración; se persiste o empate, resolverase en función da data de presentación da solicitude.

Artigo 14. *Resolución*

1. A resolución dos expedientes de axudas, que será debidamente motivada e que realizará logo da fiscalización da proposta, corresponde á persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, quen resolverá por delegación da persoa titular da Consellería de Política Social.

2. O prazo para resolver e notificar será de tres meses, que se computará a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que recaia resolución expresa, as solicitudes entenderanse desestimadas.

3. Por tratarse dun procedemento de concorrência competitiva e de conformidade co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, as resolucións destas subvencións serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, a cal producirá os mesmos efectos da notificación. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, a entidade beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como as solicitudes desestimadas con expresión sucinta dos motivos da desestimación.

4. Unha vez publicada a resolución das solicitudes no *Diario Oficial de Galicia*, por tratarse dunha axuda cofinanciada a través do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, cada entidade beneficiaria recibirá unha notificación electrónica de conformidade co disposto no artigo 15, co documento de condicións da axuda (DECA) que indicará a identificación da entidade beneficiaria, o obxecto da operación, a súa localización, os importes do custo

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



total e da contribución pública, o calendario de execución, as obrigas específicas da entidade beneficiaria así como os demais requisitos previstos na norma comunitaria aplicable.

Así mesmo, informárase de que a aceptación da subvención comunitaria implicará a súa aparición na lista pública de operacións cos nomes das entidades beneficiarias, no suposto de seren entidades xurídicas, así como a outra información recollida no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, modificado polo Regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre normas financeiras aplicables ao orzamento xeral de Unión en relación co artigo 115.2 do dito regulamento (UE, Euratom) núm. 2018/1046, do 18 de xullo de 2018. Esta lista de operacións publicárase no portal da Consellería de Política Social <https://www.xunta.gal/politica-social>

Artigo 15. *Publicación e notificacións*

1. Publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os actos administrativos de requirimento de emenda de documentación así como as correspondentes resolucións. Esta publicación producirá os efectos de notificación.

2. Complementariamente, as notificacións de actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. As notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

4. Para as notificacións electrónicas as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.



5. As notificacións electrónicas entenderanse practicadas en momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

6. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 16. *Réxime de recursos*

As resolucións expresas ou presuntas que se ditén ao abeiro da presente orde poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación da resolución no *Diario Oficial de Galicia*, se esta for expresa ou en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á publicación, se esta for expresa, ou de seis meses a partir do día seguinte ao que se produza o acto presunto.

Artigo 17. *Modificación da resolución*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 18. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. As entidades beneficiarias deberán cumprir, en todo caso, cos requisitos e obrigas exixidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como coas condicións e obrigas establecidas nesta orde e demais que resulten exixibles segundo a normativa de aplicación, en particular, as seguintes:

a) Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a conce-



de, sen prexuízo da facultade da Consellería de Política Social de comprobar a realización material das actuacións.

b) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos que se contará a partir do 31 de decembro seguinte á presentación perante á Comisión Europea das contas en que estean incluídas os gastos da operación, data esta que se comunicará á persoa beneficiaria.

c) Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinados ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior a cinco anos computados desde o pagamento final desta axuda, tal como recolle o artigo 29.4.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro. O incumprimento deste requisito dará lugar á revogación da subvención, co reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención. Ademais, deberá garantirse a durabilidade dos investimentos financiados con fondos Feder nos termos previstos no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013.

d) Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativa aos programas e actuacións realizados a condición de subvencionados pola Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014/2020 segundo o establecido no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e mais nos artigos 3 a 5 do Regulamento de execución (UE) núm. 821/2014 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

e) Informar o público durante un período non inferior a cinco anos de que a infraestrutura está financiada pola Xunta de Galicia e polo Feder, así como dos obxectivos dos fondos. No lugar de prestación do servizo colocarase nun lugar destacado e visible un cartel informativo dun tamaño mínimo A3 no cal aparezan os anagramas da Xunta de Galicia e do Feder.

f) Efectuar a xustificación para a percepción da axuda conforme o establecido nesta orde.

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



g) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

h) Informar no momento da xustificación final da axuda sobre o nivel de logro do indicador de produtividade asociado a esta convocatoria. Este indicador é o seguinte: identificador: C035, nome: Capacidade de coidado de nenos ou de infraestruturas de educación subvencionadas, unidade de medida: persoas.

i) Someterse ás actuacións de comprobación e control e facilitar toda a información requirida pola Consellería de Política Social, polos órganos verificadores que se establezan en aplicación dos artigos 72, 73 e 74 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas, e outros órganos de control impostos pola normativa comunitaria no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

j) Comunicarlle á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, e non superar as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

k) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Cando as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, desen como resultado que a solicitante ou a beneficiaria ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase para que regularice a situación e presente por si mesma os correspondentes certificados.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



m) No suposto de proxectos en que se tivera valorado a existencia/compromiso da implantación dun plan de igualdade, remitir o dito plan á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e mantelo implantado durante, como mínimo, 5 anos desde a data do pagamento da axuda.

n) Todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.

2. Ademais, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á cal se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 19. *Xustificación da subvención*

1. Con base no establecido no título III, artigo 48, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, e tendo en conta o obxecto e a natureza destas axudas, as persoas beneficiarias con cada solicitude de pagamento (anexo II) deberán presentar a seguinte documentación:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.

b) Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e de pagamento.

c) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, do total dos gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acrediten o seu pagamento.

d) Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.

e) Declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 18 segundo o modelo do anexo III.



2. Se o importe do gasto subvencionable supera as contías establecidas para o contrato menor na normativa de contratación do sector público vixente no momento de realización do gasto, a entidade local beneficiaria deberá presentar o expediente de contratación, de ser o caso, e, como mínimo, tres ofertas de diferentes empresas proveedoras con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, prestación de servizo ou entrega do ben, salvo que polas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren. A elección entre as ofertas presentadas deberá xustificarse expresamente nunha memoria cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

3. De acordo co artigo 42.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, para os efectos da súa consideración como subvencionable, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias asinados e selados, onde deberán constar claramente identificados o receptor e emisor do pagamento, o número de factura obxecto do pagamento e a súa data.

4. A documentación correspondente á xustificación do investimento realizado presentárase de forma electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>).

5. A data límite para executar o proxecto e presentar a documentación xustificativa dos investimentos será o 5 de decembro de 2019.

Artigo 20. *Pagamento*

1. Unha vez xustificada a subvención, o órgano competente, antes de proceder ao seu pagamento, poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da conduta e/ou actividade subvencionada. Nos supostos en que a entidade local beneficiaria estivese tramitando o permiso de inicio de actividades, o pagamento da subvención estará condicionado á efectiva obtención deste permiso.

2. Poderán efectuarse pagamentos parciais a medida que a entidade beneficiaria xustifique os investimentos efectuados. Estes pagamentos non superarán o 80 % da subvención concedida, e o importe restante librarase no momento da completa xustificación por parte da entidade beneficiaria do cumprimento da finalidade e das demais condicións para as que lle foi concedida.

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

Para a xustificación do gasto, a corporación local presentará certificación expedida polo órgano competente en que se especifique a cantidade exacta do gasto realizado na finalidade obxecto da axuda.

En todo caso, o importe certificado debe indicar o tipo de gasto (obras ou equipamento) e ten que ser igual á axuda concedida máis a achega á que se comprometese a corporación local, de ser o caso.

Así mesmo, a dita corporación deberá emitir no prazo de 20 días contados a partir da recepción da cantidade correspondente, certificación acreditativa de que se rexistrou na súa contabilidade o ingreso da subvención, figurando co destino final para o que foi concedida.

Artigo 21. *Incumprimento, revogación e reintegro de axudas*

1. De acordo co establecido no artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, dará lugar á perda do dereito ao cobramento ou, se é o caso, ao reintegro da totalidade da axuda percibida calquera incumprimento das obrigas previstas no artigo 18 e concretamente:

a) O incumprimento da finalidade ou do obxectivo para o que se concedeu a subvención ou da obriga de xustificar a realización da actuación e a non permanencia mínima da actividade subvencionada, tendo en conta o disposto no artigo 71 do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

b) A obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

c) A resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, ou incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos.



2. Procederá o reintegro parcial da subvención concedida, nos seguintes supostos:

a) Non manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación con todas as transaccións relacionadas e os investimentos subvencionables, sen prexuízo das normas xerais da contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con fondos Feder, que suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

b) Non dar publicidade ao financiamento dos investimentos que sexan obxecto de subvención, de acordo co establecido no artigo 18, que suporá a perda dun 2 % da subvención concedida.

c) Non comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentaran a concesión da subvención, que suporá a perda dun 5 % da subvención concedida. Esta porcentaxe do 5 % aplicarase, de ser o caso, unha vez descontado o exceso obtido sobre os topes máximos legalmente establecidos.

d) Non manter os investimentos obxecto da subvención durante o período de 5 anos suporá o reintegro da subvención correspondente ao activo non mantido, de forma proporcional ao período en que se incumprise este requisito.

No caso de condicións que constitúan obrigas que a entidade beneficiaria debe acreditar en fase de xustificación, tales como obrigas de publicidade ou comunicación doutras axudas, estas deberán xustificarse en todo caso para poder proceder ao pagamento da subvención, polo que a gradación fixada nesta epígrafe só resultará aplicable para supostos de reintegro, no caso de que se detecte en controis posteriores ao pagamento algún incumprimento relativo ás ditas obrigas.

3. Para facer efectiva a devolución a que se refiren os puntos anteriores, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e na súa normativa de desenvolvemento.

4. Con anterioridade ao requirimento previo da Administración, as persoas beneficiarias poderán realizar con carácter voluntario a devolución do importe da axuda obxecto de reintegro.

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



Esta devolución efectuarase mediante ingreso na conta operativa do Tesouro da Xunta de Galicia ES82-2080-0300-87-3110063172, segundo o disposto na normativa reguladora do procedemento de recadación, e o importe incluírá os xuros de demora, de acordo co previsto no artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 22. Infraccións e sancións

As persoas beneficiarias das axudas reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Artigo 23. Control e verificación

Todas as axudas concedidas ao abeiro desta orde estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e a súa normativa de desenvolvemento, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e ás de comprobación e control obrigadas pola normativa comunitaria de aplicación.

Artigo 24. Publicidade e información

1. Ao tratarse de subvencións cofinanciadas con fondos estruturais da Unión Europea, de conformidade co previsto no anexo XII, punto 2.2, do Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, a entidade local beneficiaria deberá cumprir os seguintes requisitos de publicación e comunicación:

a) Recoñecer en todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo o apoio da Xunta de Galicia e do Feder ao proxecto, incluíndo a imaxe institucional da Xunta de Galicia e mostrando:

1º. O emblema da Unión e unha referencia á Unión Europea.

2º. Referencia ao Fondo Feder que dá apoio ao proxecto.

3º. Referencia ao lema do Fondo «Unha maneira de facer Europa».



b) Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos de mantemento do investimento:

1º. Mostrar unha breve descrición do proxecto na páxina de inicio do seu sitio da internet, no caso de que dispoña dun, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, dos seus obxectivos e resultados e destacando o apoio financeiro da Xunta de Galicia e da Unión.

2º. Colocar polo menos un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3) en que se mencionará a axuda financeira da Xunta de Galicia e da Unión, nun lugar visible para o público, por exemplo, na entrada do edificio.

c) De facer uso de aplicacións informáticas, deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación: «axuda», «acerca de» ou similares; así mesmo, cando se elaboren materiais divulgativos do recurso (cadernos, folletos, notas informativas) deberán constar na contraportada das devanditas publicacións as citadas referencias.

2. No portal da Consellería de Política Social informárase das características do devandito cartel e dos logos e lendas de obrigada inclusión.

3. A publicidade das subvencións realizarase segundo dispón a normativa vixente. No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, programa e crédito orzamentario, listaxe de beneficiarias, nome das operacións, contía de fondos públicos asignados a cada operación e finalidade da subvención, en aplicación do disposto no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Igualmente, publicarase na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

Artigo 25. *Transparencia e bo goberno*

1. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería responsable da iniciativa publicará no *Diario Oficial de Galicia* e na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude



leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

3. Por outra parte, de conformidade co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase á Base de datos nacional de subvencións a información que sexa necesaria.

Artigo 26. *Información ás persoas interesadas*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código BS403E, poderase obter información na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, nos servizos de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social; no portal da Consellería de Política Social <https://www.xunta.gal/politica-social>, no teléfono 012, no enderezo electrónico demografiaeconciliacion@xunta.gal, ou de xeito presencial.

Artigo 27. *Medidas antifraude*

Ao abeiro do disposto no Regulamento (UE) núm. 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, ao que están sometidas estas axudas, calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total o parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servicio Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral da Administración del Estado, por medios electrónicos a

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4



través do canal habilitado ao efecto <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>

Disposición adicional primeira. *Límite orzamentario*

A concesión das axudas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito orzamentario consignado para estes fins. En todo caso, as actuacións que se subvencionen deberán realizarse dentro do exercicio económico de 2019.

Disposición adicional segunda. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Política Social na persoa titular da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias en relación coas subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar e dispoñer os gastos en relación co disposto no artigo 73.a) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Igualmente, apróbase a delegación de atribucións da conselleira de Política Social nas persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para o recoñecemento das obrigas e a proposta de pagamento previstos no artigo 73.a) anteriormente mencionado.

Disposición adicional terceira. *Información básica sobre protección de datos persoais*

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social e Consellería de Facenda, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo,



determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia. En todo caso remitiranse á Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Consellería de Facenda coa finalidade de realizar a xestión, seguimento, control, coordinación e estudo da execución e avaliación dos programas operativos dos fondos procedentes da Unión Europea e á Dirección competente da xestión de Fondos Comunitarios no Ministerio de Facenda co contido previsto no anexo XII do Regulamento (UE) núm. 1303/2013.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas ou entidades interesadas serán publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos cales dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais ou páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas ou entidades interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, de xeito presencial, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o ditado de instrucións*

Autorízase a directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica para ditar as instrucións necesarias para o desenvolvemento desta orde, as cales serán obxecto de publicación no Portal de Política Social.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2019

Fabiola García Martínez
Conselleira de Política Social

CVE-DOG: nmjdoj65-xvf2-job6-ay95-93mpcjwxzwp4





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

ANEXO I

PROCEDIMENTO AXUDAS PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DEPENDENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO BS403E	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	--	---

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE					
ENTIDADE LOCAL					NIF
TIPO DA VÍA	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.
PARROQUIA		LUGAR			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO			

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF

DATOS PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a:

☒ Entidade solicitante
☐ Persoa representante

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia.

Notifica.gal, <https://notifica.xunta.gal>

Só poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir:

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

DATOS DA ESCOLA INFANTIL 0-3/PAI				
NOME				
TIPO DA VÍA	NOME DA VÍA	NÚM.	BLOQ.	ANDAR
PARROQUIA		LUGAR		
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	LOCALIDADE	
TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO		





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I (continuación)

PREVISIÓN DE GASTOS		
INVESTIMENTO	Orzamento previsto (€)	Orzamento solicitado (€)
Obras menores (descripción)		
Equipamento (descripción)		
Conexión á internet e/ou compra de dispositivos de novas tecnoloxías (descripción)		
TOTAL GASTOS		

A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- ☐ Non solicitou e non se lle concederon axudas para a mesma finalidade das distintas administracións, entes públicos ou privados.
- ☐ Si solicitou e/ou se lle concederon, ou están pendentes de resolución de concesión, das distintas administracións, entes públicos ou privados que son as que a seguir se relacionan:

DESCRIPCIÓN DA AXUDA E CONCEPTO	ESTADO ⁽¹⁾	IMPORTE (€)
TOTAL		

(1) Indicar SOLICITADA, CONCEDIDA ou PENDENTE

2. Que a corporación local non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10.2 e 10.3 da Lei/9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiaria dunha subvención.
3. Que a corporación local non ten recibido axudas financiadas con Fondos Estruturais e de Investimento Europeos (EIE) 2007/2013 para o mesmo concepto de gasto.
4. Que a corporación local está ao día das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedora por resolución de procedemento de reintegro.
5. Que a corporación local cumpriu co seu deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas.
6. Que o órgano competente da corporación local acordou solicitar esta subvención e se aceptan as condicións e requisitos establecidos nesta convocatoria.
7. Que a corporación local dispón de capacidade administrativa, financeira e operativa suficiente para a realización do proxecto para o que se solicita a subvención.
8. Que ten implantado /se compromete a implantar un plan de igualdade na escola infantil nos termos do artigo 13:
☐ SI ☐ NON
9. Que, así mesmo, se compromete a manter o cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta orde e na normativa aplicable durante o período de tempo en que perciba esta subvención e a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais ou calquera outra variación que se produza no anteriormente declarado a partir da data desta declaración.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

- ☐ Certificación da contía establecida nos orzamentos da corporación local da cantidade específica destinada á finalidade para a que se solicita a axuda, de propoñerse unha achega orzamentaria propia do concello.
- ☐ Memoria xustificativa, asinada polo persoal competente da corporación local, da necesidade da actuación proposta e da súa incidencia na mellora da infraestrutura conforme o previsto no artigo 8.1.b) das bases reguladoras.

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

	OPÓÑOME Á CONSULTA
NIF da entidade solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Permiso de inicio de actividades do centro para o que se solicita a subvención	☐
Certificación de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa AEAT	☐
Certificación de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	☐
Certificación de non ter débedas coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia emitida pola consellería competente en materia de facenda	☐

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería ou entidade a que se dirixe esta solicitude, escrito ou comunicación.
Finalidades do tratamento	A tramitación administrativa que derive da xestión deste formulario e a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos segundo a normativa recollida no formulario, na páxina https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos e na ficha do procedemento na Guía de procedementos e servizos. Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.
Contacto delegado de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Actualización normativa: no caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 8 de agosto de 2019 pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para investimento na mellora das infraestruturas e equipamento das escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia (PAI) dependentes das corporacións locais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento BS403E).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de



Xacobeo 2021

Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de

SEDE ELECTRÓNICA Este formulario só poderá presentarse nas formas previstas na súa norma reguladora <https://sede.xunta.gal>



FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unión maneira de facer Europa"

UNIÓN EUROPEA



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO II

SOLICITUDE DE PAGAMENTO

BS403E - AXUDAS PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DEPENDENTES DE CORPORACIÓNS LOCAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

NOME DA ESCOLA INFANTIL OU PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA:

- ☐ Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención.
- ☐ Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acreedor e do documento, importe, data de emisión e de pagamento.
- ☐ Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, do total dos gastos realizados xunto cos xustificantes bancarios que acreditan o seu pagamento
- ☐ Acreditación documental, material e/ou gráfica (fotografías, copias, captura de pantallas) do cumprimento da obriga de información e publicidade do financiamento público da acción subvencionada.
- ☐ Declaración responsable sobre o cumprimento das obrigas establecidas no artigo 18 segundo o modelo do anexo III.
- ☐ Expediente de contratación no suposto contemplado no artigo 19.2).

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,

de

de



Xacobeo 2021


FONDO EUROPEO DE
DESARROLLO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>




XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

ANEXO III

DECLARACIÓN RESPONSABLE

BS403E - AXUDAS PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 E PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DEPENDENTES DE CORPORACIÓN LOCAIS

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

ENTIDADE LOCAL

NIF

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

NIF

DECLARA QUE SE DÁ CUMPRIMENTO ÁS OBRIGAS SINALADAS A CONTINUACIÓN:

- Executar e acreditar a realización da actuación que fundamenta a concesión da subvención e o cumprimento dos requisitos e das condicións desta ante o órgano que a concede.
- Manter un sistema de contabilidade separado que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e conservar toda a documentación relativa a esta subvención durante un período de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación destas contas ante a Comisión Europea.
- Ter unha permanencia mínima ininterrompida na actividade e manter as infraestruturas e equipamentos subvencionados destinados ao fin concreto para o cal se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos contado desde a data do último pagamento da axuda de investimento realizado.
- Facer constar, en todo tipo de publicidade e información relativos aos programas e actuacións realizados a condición de subvencionados pola Xunta de Galicia e polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional 2014/2020.
- Informar ao público de que o servizo está financiado pola Xunta de Galicia e polo Feder, así como dos obxectivos dos fondos concedidos.
- Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.
- Informar sobre o nivel de logro do indicador de produtividade asociado a esta convocatoria de axudas.
- Cumprir todas aquelas obrigas e requisitos que se desprendan do articulado desta orde e dos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e da súa normativa de desenvolvemento.
- Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a obriga de comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude.

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REGIONAL
"Unha maneira de facer Europa"

Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de



**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>